



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000008

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día vinte e nove de febreiro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 79 de data 28 de febreiro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 15.02.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 15.02.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE EDIFICACIÓN.

“Expte: 157/2021. Tedec: 2021/U026/000150

- Expte. de obras 157/2021.- [REDACTED] representado por [REDACTED] [REDACTED] Para as obras de **ampliación de explotación gandeira existente, no lugar do Coval nº 9, referencias catastral nº. 15088A025010250000HQ (antes 15088A025001400000HS)**

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto básico e de execución titulado "Ampliación de explotación agraria existente" redactado pola arquitecta Carolina Martínez Vila, colexiada núm. 4019 no COAG, de data xuño do 2021, visado o día 14.06.2021 e achegado ao expediente xunto coa solicitude de licenza o día 16.06.2021.
- Anexo I ao proxecto anterior, asinado pola mesma técnica o 21.02.2023 e achegado ao expediente o día 02.09.2023 (núm. rex. 202399900001403).

Outra documentación técnica:

- Oficio de dirección de obra asinado polo arquitecta Carolina Martínez Vila e achegado ao expediente o día 16.06.2021 (núm. rex. 20219990000952)
- Oficio de dirección da execución material asinado polo arquitecto técnico Juan Pablo Feal Miragaya e achegado ao expediente o día 02.09.2023 (núm. rex. 202399900001403).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **solo non urbanizable de núcleo rural e solo non urbanizable común**.

Non entanto o anterior, e tendo en conta:

- a. Que o planeamento municipal non está adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG).
- b. O establecido na disposición transitoria primeira, apartado 2, parágrafos c) e d) da LSG.

Cabe concluír que deben de entenderse aplicable as seguintes categorías de solo:

. Ao solo clasificado como solo non urbanizable de núcleo rural, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

. Ao solo clasificado como solo non urbanizable, aplicaráselle o disposto na LSG para o solo rústico.

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 6 de febreiro de 2024, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación**, debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] **licenza para as obras de ampliación de explotación gandeira existente, no lugar do Coval nº 9, referencias catastral nº. 15088A025010250000HQ (antes 15088A025001400000HS).**

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica redactada pola arquitecta Carolina Martínez Vila e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 6 de febreiro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execución material que ascende á cantidade de **56.206,12 €**, e co seguinte desglose: **Taxas 281,03 €.** **ICIO.- 1294,74 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras que non poderá exceder os seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán

interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG).

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/U026/000150).

3º.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) 2024.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a FEGAMP, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer a coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa Velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos no 2020 e 15 máis no 2021 ofrecendo unha actuación profesional e eficaz, entre eles ó Concello de Valdoviño.

No ano 2022 renovouse o encargo a empresa pública de Servizos Agrarios Galegos SA, (en diante Seaga) e non soamente se mantiveron adheridos os 300 concellos do ano 2021, senón que se sumaron 6 máis.

No 2023 renovouse o encargo a Seaga e sumáronse 5 concellos máis polo que a Xunta de Galicia actuou nun total de 311 concellos, o 99,36% do total.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase un novo Convenio para continuar coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia e FEGAMP, polo que es posible continuar coa colaboración iniciada.

Visto o texto do convenio e tendo en conta a necesidade de actuar contra esta praga por motivos de seguridade pública,

Proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Continuar adheridos ó convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á Vespa asiática (Vespa Velutina).

Segundo.- Remitir o anexo III do convenio a FEGAMP.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local, resolverá o que estime máis convinte.

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A005/000001).

4º.- APROBACION DA PROGRAMACIÓN POLO “8 DE MARZO, DIA INTERNACIONAL DA MULLER” DO ANO 2024.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN POLO “8 DE MARZO: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER” (2024)

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, visto o informe técnico da educadora social que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA SOBRE A PROGRAMACIÓN DO 8 DE MARZO, DIA INTERNACIONAL DA MULLER (2024)”

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño, en relación ao programa municipal “Somos e contamos” de igualdade, diversidade e prevención de violencia de xénero

INFORMO

- 1. Que co obxectivo de traballar dun xeito integral e coordinado desde as diferentes áreas municipais, a presente proposta está a coordinarse conxuntamente por persoal técnico dos Departamentos de Servizos Sociais e Cultura.*
- 2. Que o Concello de Valdoviño mantén desde hai varios anos unha programación específica de actividades en relación ao “8 de marzo Día Internacional da Muller” dentro do “Programa municipal Somos e Contamos para a igualdade, diversidade e prevención da violencia de xénero”*
- 3. Que a proposta está dirixida a diferentes grupos de interese, como é o alumnado dos centros educativos, mulleres adultas ou comunidade en xeral.*
- 4. Que para a realización da programación cóntase coa colaboración e financiamento da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, da Federación de Planificación Familiar e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a violencia de xénero (Pacto de Estado contra a violencia de xénero)*
- 5. Que a proposta de programación para o ano 2024 é a seguinte:*
 - 6 E 13 DE MARZO: Obradoiro “Encantada de coñecerme”. Charlas sobre saúde sexual para mulleres adultas. 10:00 a 13:00 horas (Federación de Planificación Familiar). Casa do Concello.*
 - 8 DE MARZO: Publicación do manifesto institucional na Web do Concello e iluminación lila da fachada*
 - 8 DE MARZO: TEATRO “As Alumnas”, de Paula Carballeira. Interpretada por Anabel Gago e Mónica Caamaño e dirixida por Fina Calleja. Auditorio. 20:30 h.*

Público adulto

CHICAS NUEVAS 24 HORAS

18 AO 27 DE MARZO: Exposición “Chicas Nuevas 24 horas” sobre a trata de nenas e mulleres con fins de explotación sexual. Sala de exposicións (Casa da Cultura). Luns a venres: 11:00-13:00 e 17:00 - 19:00 horas.

18 E 19 DE MARZO: Actividades “Chicas Nuevas 24 horas” para 3º e 4º de ESO CPI Atios (10:00- 15:00 hs). Sesións de carácter social e didáctico para a prevención e concienciación sobre o negocio da prostitución.

22 DE MARZO: Proxección do documental “Chicas Nuevas 24 horas”, dirixido por Mabel Lozano, no que se darán a coñecer testemuñas de mulleres e nenas de España, Arxentina, Perú, Colombia ou Paraguai, afectadas pola prostitución. Auditorio da Casa da Cultura. 20:30 horas. Maiores de 14 anos.

27 DE MARZO: “Músicas aliadas” (Lorena Hermida e Jorge Casas) na clausura de exposición “Chicas Nuevas 24 horas”. Sala de exposicións da Casa da Cultura. 19:00. Público xeral.

6. Que as actividades conlevan o seguinte gasto asociado:

- Obradoiro “Encantada de Coñecerme”: desprazamentos da persoa que imparte as dúas sesións da actividade (Coruña- Valdoviño, ida e volta).

- “Músicas Aliadas” (Lorena Hermida e Jorge Casas): 400 euros (IVE engadido).

*A contratación da obra de teatro “As Alumnas” e a tramitación da mesma corresponde ao departamento de Cultura.

7. O gasto presentado, pode vincularse á transferencia do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (resolución BOE nº 172, de data 20.07.23) que concede ao Concello de Valdoviño un importe de 2.746,51

Segundo o recollido, procede aprobar no órgano competente a programación presentada en relación ao 8 de marzo “Día internacional da Muller”, impulsada polos departamentos municipais de Cultura e Servizos Sociais.

En Valdoviño a 28 de febreiro de 2024

Iria García Martínez

Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da programación e do gasto presentado en relación ao “8 DE MARZO “Día internacional da muller” polo departamento de Servizos Sociais.

En Valdoviño, a 28 de febreiro de 2024

Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/S011/000002).

FORA DA ORDE DO DÍA

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno Local a urxenza do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras nos prazos de tramitación da subvención para á contratación, inclúese fóra da Orde do Día

.-Expediente de obras: “OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES EN AV. GÁNDARA DE ARRIBA S/N (MERCADO MUNICIPAL)”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Expediente número: 2024/C003/000002

Antecedentes de feito

Visto o Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Dito Programa ten coma obxectivo dar un impulso ao Desenrolo Urbano Sostible mediante actuacións que constitúan proxectos singulares de enerxía limpa.

En data 8 de marzo de 2023, co número de rexistro de entrada 202300004437, recíbese a través do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a resolución de concesión de axuda á nosa entidade por un importe de 246.272,42 euros ao abeiro do abeiro e de conformidade co establecido no Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto.

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o procedemento aberto, con varios criterios, tramitación ordinaria.

Vista a memoria xustificativa e providencia de Alcaldía de data 23 de febreiro de 2024.

Visto o informe de secretaría de data 24 de febreiro de 2024 e os informes de intervención municipal de data 26 de febreiro de 2024 e de 29 de febreiro de 2024; e informe técnico do arquitecto municipal de data 27 de febreiro de 2024 xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e tendo en conta as atribucións que esta Alcaldía ten conferidas por Lei, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción dos acordos seguintes:

PROPOÑO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obra: **OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES EN AV. GÁNDARA DE ARRIBA S/N (MERCADO MUNICIPAL)**, polo prezo 290.788,59 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 351.854,64 euros.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios, tramitación ordinaria.

Terceiro.- Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal e memoria de alcaldía.

Cuarto.- Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Quinto.- A autorización do gasto quedará **CONDICIONADA** á efectiva existencia de crédito (tramitación anticipada, dacordo coa disposición adicional terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector Público) aplicable a aplicación orzamentaria 933.62200, derivada da tramitación do devandito expediente de contratación.

Sexto.- Publicar o correspondente anuncio no perfil de contratos do sector público.

/Documento asinado electronicamente polo sr Alcalde/

A secretaria municipal lee o informe de intervención.

A interventora municipal manifesta que son só observacións.

*.- Sra. Interventora municipal.- A proposta está mal o gasto non se pode autorizar porque non hai crédito suficiente.

*.- Secretaria municipal.- Esta mañá non se concretou o error á auxiliar administrativa, o lóxico é que llo comunique a ela.

*.- Sr. Alcalde.- Pido que haxa comunicación e digan as cousas non só por escrito, creo que ten que existir comunicación entre os departamentos antes de informar.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C003/000002).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/